

## **CONCILIACIÓN NA PASCUA 2023**

### **1. Obxeto:**

O Concello de Ribadavia co obxeto de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral dos veciños e veciñas de Ribadavia durante a Semana Santa, organiza o “Concilia na Pascua”.

Este programa tamén ten como obxectivo o disfrute durante a Semana Santa, dos nenos e das nenas, tanto dende un punto de vista pedagóxico, como no de poder vivir unha experiencia que axude a potenciar o seu desenvolvemento persoal e autonomía.

### **2. Persoas destinatarias:**

Nenos e nenas de 3 a 14 anos

### **3. Periodo:**

O periodo da actividade comprende:

Luns 3, martes 4, mércores 5 e luns 10 de abril de 2023 (ambos incluídos)

O horario será de 9:00-14:00 horas. Podería contemplarse servizo en horario de tarde.

### **4. Prazas:**

O número de prazas será de ata 40

Os nenos ou nenas con discapacidade recoñecida igual ou superior ó 33% ocuparán 2 prazas.

## **5. Lugar e prazo de presentación:**

As solicitudes presentaranse no Dpto. de Servizos Sociais do Concello de Ribadavia.

A solicitude entenderase presentada, cando estea entregada toda a documentación, incluído o xustificante bancario do prezo do servizo de conciliación.

O prazo de solicitude do 23 ó 30 marzo 2023.

## **6. Criterios:**

As solicitudes serán valoradas en base ós seguintes criterios de prioridade que se cumpran na data de presentación de solicitude:

1º Situación laboral familiar: que traballen ambos proxenitores.

2º Situación laboral familiar: se só traballa un/unha dos proxenitores, que o outro/a preste unha atención a persoas dependentes, persoas con discapacidade ou menores de ata 3 anos (*poñer ano nacemento*)

3º Pola condición de discapacidade do neno ou nena.

4º Pola condición de familia monoparental.

5º Pola condición de familias numerosa, que teñan cando menos un proxenitor/a traballando.

6º Unidades familiares que non cumpran os anteriores criterios (do 1º ó 5º)

7º Unidades familiares empadroadas noutros concellos.

No caso de que dúas ou máis unidades familiares teñan igualdade de criterios, terá prioridade a data de solicitude no rexistro.

Se fora o caso, unha vez esgotadas as prazas existentes crearase unha listaxe de agarda na que se inscribirá ós nenos e nenas. Utilizaranse os mesmos criterios de prioridade do 1º ata o 7º para a súa inscrición.

## 7. Prezo:

	Empadroadas/os	Non empadroadas/os
Poboación en xeral	20€	40€
Familias numerosas Familias monoparentais Neno/a con discapacidade Por segundo ou máis irmáns	10€	30€

## 8. Documentación para a tramitación da solicitude:

- SOLICITUDE E ANEXOS coas autorizacións necesarias.

- XUSTIFICANTE BANCARIO DE PAGO:

Número de Conta do Concello de Ribadavia para efectuar o ingreso:

ES10 2080 5173 4131 1000 3104 Concepto: "Concilia na Pascua" e o nome do neno/a.

A seguinte documentación, non se entregará no caso que xa fose presentada para accións de conciliación durane o ano 2022:

- ✓ DNI nai/pai/titor.
- ✓ TARXETA SEGURIDADE SOCIAL (nenos/a).
- ✓ LIBRO DE FAMILIA.
- ✓ Se fora o caso que se reflexen alerxias ou outros a través de INFORME MÉDICO DO NENO/A.
- ✓ Se fora o caso CERTIFICADO DE DISCAPACIDADE DO NENO/A.
- ✓ No caso de separación/divorcio indicar a garda e custodia (entregarase documentación acreditativa da situación).